

O PSdeG de Lugo solicítalle á Xunta “un programa permanente de loita contra o lume” no Día Mundial da Terra

Os socialistas lembran que o problema dos incendios deben ser “unha loita de país” e que actualmente Galicia ten un millón de hectáreas de monte “en situación de abandono total”

O PSdeG de Lugo, a través do seu secretario de Sostenibilidade Ambiental na provincia, Eduardo Vidal, solicítalle á Xunta “un programa permanente de loita contra o lume, converténdoo nunha loita de país”, coincidindo coa celebración hoxe do Día Mundial da Terra e co comezo do período de risco de incendios. “Avecíñase o período de lunes forestais e Galicia ten un millón de hectáreas en situación de abandono total”, afirma Vidal, quen destaca que “o monte galego ocupa o 67% do territorio e a metade da madeira española prodúcese en Galicia, polo que falamos dun tema que debe ser prioritario”.

Para logralo, o socialista propón medidas para “avanzar na ordenación do territorio e do espazo natural galego, na procura dunha estrutura territorial resistente ao lume”. Para iso, afirma, é necesario “reforzar a presenza de espazos agrogandeiros no monte, que rompan a continuidade do potencial combustible forestal, implicando a empresas con concesións no territorio (autoestradas, eólicas, eléctricas...) na tarefa de contribuír activamente no mantemento preventivo das infraestruturas e superficies sobre as que teñen as competencias e responsabilidades de xestión”.

Convenios coas cooperativas agrícolas e voluntarios

Eduardo Vidal destaca tamén a importancia de buscar solución como “asinar convenios coas cooperativas agrícolas que mostren interese en realizar traballos preventivos e que contén con dotación axeitada, material e humana para iso”. O responsable da mesa sectorial de Medio Ambiente na provincia tamén achega outras ideas como “promover acordos de cooperación coas agrupacións de voluntarios de protección civil de cara a identificar as zonas de especial risco de incendio nos distintos concellos de Galicia”, ademais de “estimular a concienciación, a disuasión, a transparencia informativa e o planeamento preventivo fronte aos incendios forestais, e incentivar e propoñer a mellora en materia de ordenación e xestión forestal sostible”. Todas estas ideas serán achegadas polos socialistas ao debate político con iniciativas nas institucións.